



BASES DO PROGRAMA SEMANA SANTA 2026

1. Obxecto

O Programa Concilia Semana Santa 2026, é unha iniciativa de atención á infancia que ofrece aos pais e nais a posibilidade de que os seus fillos e fillas nas datas de vacacións de semana santa os días 30,31 de marzo e ,1 e 6 de abril, poidan optar a esta proposta que se pon en marcha dende o concello de Vila de Cruces para facilitar a conciliación entre a vida laboral e os coidados dos menores.

2. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias deste servizo aqueles nenos e nenas que estean cursando no CEIP CERDEIRIÑAS ou CEIP NOSA SEÑORA DA PIEDADE.

3. Requisitos e procedemento de concesión de prazas:

A concesión de prazas efectuarase entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos por orde de data do email enviado ata completar aforo.

- 1) Que o/a neno/a curse os seus estudos no CEIP Cerdeiriñas ou CEIP Nosa Señora da Piedade.

4. Desenvolvemento das actividades: quendas, horario , n.º de prazas e lugar de recepción:

4.1 Quendas: A actividade desenvolverase os días 30, 31 de marzo e 1 e 6 de abril.

4.2 Horario:

- Horario de 8.45 a 13.15 horas

4.3 Prazas:

CEIP CERDEIRIÑAS: ofértanse un máximo de 50 prazas.

CEIP NOSA SEÑORA DA PIEDADE: ofértanse un máximo de 50 prazas.

4.4 Lugar: a recepción e recollida de participantes realizarase no CEIP que lles corresponda.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





As actividades desenvolveranse dentro das instalacións dos propios CEIP.

5. Solicitudes

A solicitude presentarase no formulario que figura como ficha de inscrición/solicitude do Programa Concilia Semana Santa 2026, e que estará dispoñible nas dependencias do Concello, ou na web www.viladecruces.es.

Tamén se enviará por ABALAR.

6. Documentación complementaria necesaria para a tramitación da solicitude.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) **Obrigatorio:** Fotocopia do DNI do/a pai/nai ou titor-a legal.
- h) Comprobación de datos: O Certificado de empadramento conxunto da unidade familiar será obxecto de consulta pola administración pública.

6.1. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

*** AQUELAS SOLICITUDES QUE SE ENVÍEN SEN INCLUIR A DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE SOLICITA NESTAS BASES NON SERÁN VÁLIDAS.**

7. Lugar e prazo para a presentación das solicitudes.

- ◆ O prazo de presentación das **solicitudes** será do **16 de marzo ao 20 de marzo 2026 ámbolos dous incluídos**.

As solicitudes deberanse **enviar ao email:**

mireya.otero@viladecruces.es

NON SE RECOLLERÁN SOLICITUDES FORA DO PRAZO ESTIPULADO.

6. Prezo

O prezo do programa de Semana Santa é de 20 euros por usuario/a en total.

6.1 Forma de pago

- **O pago efectuarase no número de conta habilitado polo Concello de Vila de Cruces unha vez confirmada a admisión do participante.**

O pagamento das semanas, así coma o envío do xustificante de pago, deberase formalizar no tempo e forma indicados a continuación:

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





**ANTES DO 26 DE MARZO DE 2026 DEBERASE PROCEDER AO PAGO DO
CONCILIA DE SEMANA SANTA E AO ENVIO DO XUSTIFICANTE DO
MESMO**

20 EUROS POR USUARIO/A

(enviar xustificante de pago a “mireya.otero@viladecruces.es”)

8. Publicación do listado de admitidos/as no servizo.

- ◆ O **Listado definitivo** de admitidos/as: publicarase na páxina web e nas redes sociais do Concello de Vila de Cruces o día **24 de marzo de 2026**. (Aparecerá o número de identificación que indiqueades na solicitude)

9. Revogación do servizo.

Perderase a condición de beneficiario/a:

- a) Por falta de pagamento no prazo sinalado.
- b) Por renuncia do beneficiario/a comunicada por escrito.
- c) Por incumprimento das normas que establece o servizo.

10. Protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Vila de Cruces coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

As listaxes de admitidos/as publicaranse na web do concello de Vila de Cruces, no facebook do concello de Vila de Cruces e no taboleiro de anuncios.

As persoas que se inscriban aparecerán reflexadas no listado de admitidos co número de identificación que indiquen na súa solicitude (deberá ser un n.º de 5 díxitos da súa preferencia)

Asinado. Luis Celso Taboada Sánchez

Alcalde

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492

